



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2019 ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ENTIDADE LA OPINIÓN A CORUÑA, S.L.U.

En Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 96/2018, do 26 de setembro (Diario Oficial de Galicia número 185, do 27 de setembro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, así como o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Doutra parte, _____, con documento nacional de identidade número _____, en virtude de escritura de poder notarial do 20 de xuño de 2016, do notario de Vigo, César M. Fernández-Casqueiro Domínguez, baixo o número 677 do seu protocolo, en representación de “La Opinión A Coruña, S.L.U”, con CIF B35074681 (entidade mercantil).

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir, e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que segundo o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; o ensino da lingua galega no sistema educativo regrado; a coordinación do sistema universitario; e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter educativo.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Terceiro.- Que son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Cuarto.- Que o fomento da lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais, asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da lectura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego.

Quinto.- Que a mercantil La Opinión A Coruña, S.L.U., ten unha ampla difusión e na súa liña de información en temas de actualidade, quere participar e colaborar no desenvolvemento de programas educativos encamiñados a potenciar e promover a utilización da prensa, como instrumento de formación complementaria do alumnado galego a través de actividades extra curriculares, desde a súa edición especial para Galicia, acción que ámbalas dúas partes xulgan de relevante transcendencia e interese xeral. Esta acción formativa, polo seu carácter non formal, pode resultar o medio mais axeitado para achegar a lectura ao alumnado galego, de xeito que sexan os propios alumnos e alumnas os que descubran por si mesmos, a través da utilización da prensa, os valores culturais propios de Galicia.

Sexto.- Os centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional terán á súa disposición o xornal editado pola entidade mercantil como material de apoio básico nas actividades extra escolares referidas á prensa nas aulas como medio que favoreza as garantías de éxito académico, grazas á difusión, promoción e divulgación de noticias de carácter educativo que propicien unha mellor formación do alumnado nunha sociedade desenvolvida.

Polo exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Finalidade do convenio.

Este convenio ten por finalidade contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo encamiñado a potenciar e promover a utilización da prensa escrita como un instrumento de formación complementaria do alumnado, a partir de iniciativas que posibiliten hábitos de lectura dende unha idade temperá e fomenten o desenvolvemento da súa conciencia crítica como cidadáns e o seu interese polos valores culturais do pobo galego.

A tipoloxía das actividades que se leven a cabo en base a este convenio serán de carácter extra curricular e favorecerán a aprendizaxe na selección, análise e interpretación das noticias publicadas no seu xornal en formato papel, particularmente daquelas relacionadas coa educación, a igualdade de oportunidades e o uso da lingua galega no sistema educativo.

Segunda.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos mediante as actuacións que se establecen na estipulación cuarta.

Terceira.- Orzamento.

De acordo cos datos facilitados pola entidade mercantil, o orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de 16.513,19 euros, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprométese a financiar un importe máximo de 9.086 euros á entidade mercantil para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio.

A achega imputarase á aplicación orzamentaria 10.30.423A.640.3, correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.



Este convenio tramítase como anticipado de gasto de conformidade co disposto polo artigo 3.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

Nesta tramitación anticipada poderase chegar como máximo ata o momento anterior á disposición ou compromiso do gasto, quedando sometida á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no orzamento do ano 2019.

Cuarta.- Obrigas das partes.

1. Serán obrigas da entidade mercantil:

- a. Publicar semanalmente información relacionada con temas de educación, con especial fincapé nas políticas de igualdade de oportunidades, o plurilingüismo, o emprego de libros dixitais e de tecnoloxías de información e comunicación (TIC) nas aulas e a formación dual, concretada nunha sección ou grupo de artigos de dedicación a estes temas.
- b. Distribuír como mínimo un exemplar do seu xornal polo menos un día á semana nos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional, incluídos na relación de centros que lle proporcionará a consellería. Procurarase que o día de distribución coincida no día de publicación da información á que se refire a letra a) anterior. En todo o caso, os exemplares deberán repartirse en días que teñan a consideración de días lectivos segundo o calendario escolar publicado pola consellería competente en materia de educación.

O número total de exemplares a distribuír durante a vixencia do convenio será de 16.470 exemplares.

A previsión de distribución de exemplares por mes é a que se relaciona na seguinte táboa. Esta previsión poderá verse alterada cunha porcentaxe de variación do 30%, agás no mes de decembro, no que o número total de exemplares que se distribúan deberá coincidir exactamente co estipulado no convenio.

Mes	Unidades previstas
xaneiro	1.925
Febreiro	2.139
Marzo	1.925



Abril	1.711
Maiο	2.246
Xuño	1.069
Xullo	-
Agosto	-
Setembro	-
Outubro	2.460
Novembro	2.139
Decembro	856
Total	16.470

Excepcionalmente, e por causas de forza maior debidamente xustificadas, poderá modificarse a porcentaxe de variación para meses determinados.

- c. Elaborar a información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada.
 - d. Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, incluídos os xustificantes das entregas dos exemplares dos xornais nos centros educativos correspondentes, que estarán a disposición da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
2. Serán obrigas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:
- a. Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, e de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
 - b. Proporcionar á entidade mercantil os datos e a documentación que se lle requiran e que garantan a obxectividade e veracidade da información.

Quinta.- Protección da infancia e das mulleres. Igualdade de xénero.

A entidade mercantil, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para unha mellor protección dos rapaces e rapazas e cara á non discriminación das mulleres, buscará a progresiva redución e limitación de anuncios dos chamados “contactos” cara a súa progresiva eliminación, especialmente entre os exemplares que se distribúan nos colexios. En todo caso nestes exemplares eliminaranse as fotografías que se puideran incluír neste tipo de anuncios.

Igualmente incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito da difusión da información.



Sexta.- Plena integración das persoas con discapacidade.

A entidade mercantil prestará especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, reforzando a súa imaxe e contribución á sociedade.

Sétima.- Normativa lingüística.

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio levaranse a cabo de acordo co contemplado na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Oitava.- Pagamento e xustificación.

1. **Pagamentos.** Os pagamentos se realizaran en función do grado de execución do convenio, de acordo co número de exemplares distribuídos e o custo unitario por exemplar.

Non se aboaran aqueles exemplares distribuídos que excedan do total establecido para todo o período de vixencia deste convenio.

2. **Pagamentos parciais.** A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional efectuará pagamentos mensuais. A entidade mercantil achegará a seguinte documentación:

- A factura correspondente, indicando ó numero de exemplares distribuídos e o custo por unitario.
- Declaración responsable da realización parcial das actividades (Anexo I).

3. **Pagamento final.** Unha vez rematado o convenio presentarase:

- A documentación correspondente ao último mes de vixencia do convenio.
- Unha memoria económica do custo final soportado desagregado por conceptos.
- Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

4. **Presentación das facturas e da documentación adicional.**

De acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, é obrigatorio presentar as facturas e documentación asociada á facturación (isto é, o anexo I cumprimentado e a xustificación da información publicada ao abeiro do convenio), por medios electrónicos, a través do Sistema Electrónico de Facturación (SEF).



O SEF esta dispoñible para todos os provedores; o seu acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

- <https://factura.conselloriadefacenda.es>

No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

- Receptor: S1511001H, Xunta de Galicia.
- Destinatario:
 - Consellería/Organismo: Educación, Universidade e Formación Profesional.
 - Órgano de contratación: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
 - Unidade de contratación: Servizo de Coordinación Administrativa.

Os anexos, as memorias e calquera outra documentación adicional distinta da asociada á facturación, deberá presentarse obrigatoriamente no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia dispoñible na sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/rexistro-electronico>), a través do modelo de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñan dun sistema electrónico específico nin dun modelo electrónico normalizado (código de procedemento PR004A)

Novena.- Avaliación e seguimento. Comisión mixta.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, un dos cales actuará como presidente, e outros dous da entidade mercantil. A comisión reunirse a petición de calquera das dúas partes.

Décima.- Publicación.

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos identificativos das entidades integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, podendo os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio.



O presente convenio estará vixente dende o 8 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2019 e non será prorrogable.

Durante o período do 16 de xuño ao 30 de setembro, ambos incluídos, non se realizarán as actuacións previstas no obxecto deste convenio. Este período poderá adaptarse tendo en conta as datas de impartición efectiva de clases segundo o calendario escolar que estableza a consellería competente en materia de educación.

Décimo segunda.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das estipulacións establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décimo terceira.- Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Décimo cuarta.- Relación laboral.

A subscripción do presente convenio non suporá a existencia dunha relación funcionarial, laboral ou de calquera outro tipo entre a Administración e o persoal da entidade mercantil que vaia desenvolver as actividades, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo quinta.- Réxime xurídico.



O presente convenio ten natureza administrativa e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e o resto de normativa aplicable.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola comisión mixta de avaliación e seguimento.

Contra as mesmas poderá interpoñerse un recurso contencioso administrativo ao abeiro da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, aplicaranse os principios recollidos na normativa vixente en materia de contratos públicos.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado exemplar, no lugar e datas mencionados.

Pola Consellería de Educación, Universidade e
Formación Profesional

Por La Opinión A Coruña, S.L.U.



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA REALIZACIÓN PARCIAL DAS ACTIVIDADES

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O
ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA NO ANO 2019.

D/Dª con DNI número, en calidade
deda entidade editora do
xornal.....,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, nos termos establecidos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1
de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

1. Que durante o mes de esta empresa realizou as actividades obxecto do convenio de referencia, nos termos sinalados na estipulación sobre as obrigas das partes.
2. Que os datos de distribución do xornal son os seguintes:

CENTRO EDUCATIVO	Nº DÍAS DE REPARTO	EXEMPLARES DISTRIBUÍDOS
TOTAL EXEMPLARES		

En....., de de.....

(Sinatura)